

seguro, e que estean contabilizados ou debesen estar por seren líquidos, vencidos e exixibles, as entidades aseguradoras deberán ter, en todo momento, investido o seu importe en activos cualificados regulamentariamente como aptos para a cobertura de provisións técnicas.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de medidas de saneamento e liquidación de entidades aseguradoras pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.*

As modificacións introducidas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, en materia de medidas de saneamento e liquidación de entidades aseguradoras, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, resultarán de aplicación ás medidas e aos procedementos adoptados ou incoados con posterioridade ao 6 de novembro de 2003.

As medidas de saneamento e os procedementos de liquidación de entidades aseguradoras, adoptados ou incoados, respectivamente, con anterioridade á citada data rexeranse polas disposicións que lles resultasen de aplicación no momento da súa adopción ou incoación.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das entidades aseguradoras ás novas exixencias de fondo de garantía introducidas pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.*

O 31 de decembro de 2006, as entidades aseguradoras deberán terse adaptado ás novas exixencias de fondo de garantía previstas no artigo 18 desta lei. A adaptación efectuarase linealmente ou mediante outro criterio sistemático acordado pola entidade con carácter irreversible, comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun ano desde o 1 de xaneiro de 2004.

As entidades que previsen non poder alcanzar as novas exixencias de solvencia na data indicada deberán presentar, antes desta data, para a súa aprobación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, conxuntamente o disposto no artigo 39 desta lei, un plan en que se determinen as medidas que vaian adoptar, con indicación das condicións e o prazo, que non poderá ser superior a dous anos, para alcanzaren, en todo caso, as novas exixencias de solvencia.

As mutualidades de previsión social que non operen por ramos de seguros disporán dun prazo máximo de 10 anos desde o 1 de xaneiro de 2004 para alcanzaren o importe de garantías financeiras derivadas do establecido no número 2 do artigo 67. Para tal efecto, deberase presentar un plan de adaptación no prazo dun ano desde o 1 de xaneiro de 2004 para establecer as medidas que vaian adoptar, que determinarán os importes que se constitúan en cada exercicio e as fontes de financiamento para cubrir as diferenzas que resulten das novas exixencias, de forma lineal ou mediante outro criterio sistemático acordado pola entidade.

Disposición transitoria terceira. *Adecuación temporal das referencias ao artigo 10 de Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

A referencia que o artigo 36 desta lei efectúa ao artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, entenderase realizada, até o 31 de decembro de 2004, ao artigo que corresponda do texto refundido da Lei xeral

orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira primeira. *Bases da ordenación de seguros e competencias exclusivas do Estado.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 149.1.11. e 13. da Constitución, as disposicións contidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento que sexan complemento indispensable dela para garantir os obxectivos de ordenación e completar a regulación básica por ela definida teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto os seguintes artigos ou puntos:

a) As alíneas a) e d) do artigo 23.1 e o número 2 deste artigo; o artigo 24; os números 5 e 7 do artigo 25; o número 4 do artigo 27; a alínea a) do número 2, as alíneas b) e e) do número 3 e o número 4 do artigo 28; os números 1 e 3 do artigo 29; os artigos 31 ao 37; o artigo 58; o artigo 61; os números 2 e 3 do artigo 62; a alínea j) do número 3 do artigo 64; o artigo 72.4, 5, 6 e 7; o artigo 73, e o artigo 74, que non terán o carácter de básicos.

b) As disposicións que o número 2 declara de competencia exclusiva do Estado.

2. Son competencia exclusiva do Estado:

a) Consonte o artigo 149.1.6. da Constitución, as materias reguladas no artigo 30.

b) Consonte o artigo 149.1.8. da Constitución, as materias reguladas no artigo 29.2 e no artigo 80.4 e 5.

Disposición derradeira segunda. *Potestade regulamentaria.*

Correspóndelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución, mediante a aprobación do seu regulamento e as modificacións ulteriores deste que sexan necesarias.

Correspóndelle ao ministro de Economía e Facenda, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do dito ministro e, así mesmo, desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel.

O desenvolvemento regulamentario dos preceptos relativos ás mutualidades de previsión social efectuarao o Goberno mediante un regulamento específico para tales mutualidades.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18910** REAL DECRETO LEXISLATIVO 7/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros. («BOE» 266, do 5-11-2004.)

A disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, elaborase e aprobase un texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de

decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE do Consello, do 22 de xuño de 1988, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo, distinto do seguro de vida, que establecen as disposicións destinadas a facilitar o exercicio efectivo da libre prestación de servizos e que modifica a Directiva 73/239/CEE, que inclúe as modificacións introducidas por leis posteriores. A delegación inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

Ao cumprimento do mandado contido na disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, obedece este real decreto lexislativo que aproba o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros.

A Lei 21/1990, do 19 de decembro, dotou dun novo estatuto legal o Consorcio de Compensación de Seguros, que viña exixido pola modificación levada a cabo polo Real decreto lexislativo 1255/1986, do 6 xuño, nos números 2 e 3 do artigo 4 da Lei 33/1984, do 2 de agosto, sobre ordenación do seguro privado, para adaptala aos compromisos derivados do tratado de adhesión de España á Comunidade Económica Europea, e que se facía inescusable ao exixir ese tratado a perda do carácter monopolístico dunha das súas principais funcións, cal é a vinculada aos riscos extraordinarios. Alén de perder a exclusividade na cobertura dos riscos extraordinarios, o novo estatuto legal modificou o réxime xurídico do Consorcio de Compensación de Seguros, que deixou de ser organismo autónomo e pasou a converterse en sociedade estatal.

O Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado pola Lei 21/1990, do 19 de decembro, experimentou con posterioridade diversas reformas e modificacións.

A disposición adicional novena da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, levou a cabo unha profunda reforma do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, modificando diversos dos seus preceptos, referentes á definición dos seus fins e atribucións, a delimitación das súas funcións privadas en relación co seguro de riscos extraordinarios e o seguro obrigatorio de automóbiles, e das súas funcións públicas. Tamén se clarificou o réxime das recargas a favor do Consorcio e se precisou a separación financeira e contable das operacións do Consorcio nos seguros agrarios combinados respecto do resto das operacións.

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, introduciu tamén unha importante reforma no estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros. Tal modificación obedeceu á necesidade de recoller as novas funcións do Consorcio de Compensación de Seguros como liquidador de entidades aseguradoras, ao ter sido suprimida a Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras e pasaren as súas funcións, patrimonio e persoal a ser asumidos polo Consorcio, o que obrigou tamén a modificar determinados aspectos do seu réxime patrimonial.

En relación co réxime de funcionamento do Consorcio, a Lei 44/2002, do 22 de novembro, posibilitou o fraccionamento de todas as recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

No ámbito da cobertura de riscos extraordinarios, a Lei 44/2002, do 22 de novembro, permitiu, nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinasen, a cobertura de perdas de beneficios consecuencia daqueles. No ámbito do seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria, a Lei 44/2002, do 22 de novembro, facultou o Consorcio para asumir a cobertura da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor superando os límites do seguro obrigatorio respecto dos riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.

Por outra parte, a citada lei incorporou ao dereito interno a Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro da responsabilidade civil da circulación de vehículos automóbiles (cuarta directiva sobre o seguro de automóbiles), incorporación que requiriu a modificación, entre outras normas, do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, co fin de facultalo para que, para o adecuado exercicio das súas funcións como organismo de información, puidese celebrar convenios coas institucións relacionadas cos seguros obrigatorios.

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, veu introducir modificacións no estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros co fin de adaptar a redacción de determinados preceptos á nova regulación en materia concursal, e isto con independencia de que, conforme a súa disposición adicional segunda, nos concursos de entidades aseguradoras se apliquen as especialidades que para as situacións concursais se achen establecidas na súa lexislación específica, excepto as relativas á administración concursal. Para estes efectos, a citada disposición adicional considera lexislación especial, polo que ás entidades aseguradoras se refire, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados (artigos 25 a 28, 35 a 39 e 59), e a Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados (artigo cuarto).

Máis recentemente, a Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, volveu a incidir no estatuto legal do Consorcio, modificándoo co obxecto de permitir a indemnización polo Consorcio dos danos persoais producidos como consecuencia de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o tomador da póliza teña a súa residencia habitual en España. Ademais, a disposición adicional segunda da lei establece, co rango normativo adecuado e de acordo coa natureza tributaria da recarga a favor do Consorcio destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, a recarga por fraccionamento que se debe aplicar.

Xunto ás reformas anteriormente citadas, débense considerar outras normas que modificaron o marco xurídico en que se desenvolve o Consorcio de Compensación de Seguros. Neste sentido, débese aludir á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que actualizou a normativa dedicada á tradicionalmente denominada «Administración institucional do Estado», optándose por unha denominación xenérica, «organismos públicos», que agrupa todas as entidades de dereito público dependentes ou vinculadas á Administración xeral do Estado e distinguindo dous modelos básicos: organismos autónomos e entidades públicas empresariais. De modo que este novo marco xurídico debe ter reflexo no estatuto legal do Consorcio, no cal se recolle, de acordo con aquel, o seu encadramento na categoría de entidade pública empresarial.

Igualmente, o texto refundido do estatuto legal que se aproba adécuase ao texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, á nova Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e á Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Este real decreto lexislativo consta dun artigo único que aproba o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira que fixa a entrada en vigor da norma.

O texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros que se aproba mantén a estrutura e sistemática do estatuto aprobado pola Lei 21/1990, do 19 de decembro, cuxa parte dispositiva se organiza nun total de cinco capítulos. O primeiro deles contén unha serie de disposicións xerais a través das cales se regula a natureza, o réxime xurídico e os fins do Consorcio; os restantes capítulos refírense á organización, ás funcións, ao réxime de funcionamento e ao réxime de persoal e económico-financeiro, respectivamente. Mantense dentro de cada capítulo a mesma división en seccións que no texto orixinal do estatuto legal. O estatuto legal complétase cunha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda e do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2004,

## DISPÓN O :

**Artigo único.** *Aprobación do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros.*

Apróbase o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, que se insire a seguir.

**Disposición adicional única.** *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

**Disposición derogatoria única.** *Normas derogadas.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros que se aproba e, en particular:

a) Da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, o seu artigo cuarto, a súa disposición adicional segunda, a súa disposición adicional cuarta e o número un da súa disposición transitoria primeira.

b) Da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, a súa disposición adicional novena, «Modificacións no Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros».

c) Da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, o punto terceiro do seu artigo 11 e o seu artigo 34.

d) Da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a súa disposición derradeira vixésimo sexta, «Reforma do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros».

e) Da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, o seu artigo cuarto e a súa disposición adicional segunda, «Fraccionamento da recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras polo Consorcio de Compensación de Seguros».

2. Decláranse vixentes as seguintes disposicións:

a) Da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados:

1.º A súa disposición adicional terceira, que modifica a Lei 25/1964, do 29 de abril, reguladora da enerxía nuclear.

2.º A súa disposición adicional sétima, relativa á subrogación por parte da Administración do Estado como reaseguradora no lugar do Consorcio de Compensación de Seguros nos contratos para a cobertura dos riscos comerciais no seguro de crédito á exportación, nos cales este último sexa reasegurador de «Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, Sociedade Anónima».

b) Da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, a disposición transitoria terceira, «Réxime transitorio da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## TEXTO REFUNDIDO DO ESTATUTO LEGAL DO CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

### Índice

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

- Artigo 1. Natureza xurídica do Consorcio de Compensación de Seguros.
- Artigo 2. Réxime xurídico.
- Artigo 3. Fins.

#### CAPÍTULO II

##### Organización

- Artigo 4. Órganos de goberno e administración.
- Artigo 5. Atribucións.

#### CAPÍTULO III

##### Funcións

##### SECCIÓN 1.ª FUNCIONES PRIVADAS NO ÁMBITO ASEGURADOR

- Artigo 6. En relación cos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens.
- Artigo 7. Ramos de seguro con recarga obrigatoria a favor do Consorcio para o exercicio das súas funcións en acontecementos extraordinarios.
- Artigo 8. Dereitos e obrigas do Consorcio no seguro de riscos extraordinarios.
- Artigo 9. En relación co seguro de riscos nucleares.
- Artigo 10. En relación co seguro agrario combinado.

Artigo 11. En relación co seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria.

Artigo 12. En relación co seguro obrigatorio de viaxeiros.

Artigo 13. En relación co seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador.

Artigo 14. En relación coa liquidación de entidades aseguradoras.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FUNCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 15. En relación co seguro de crédito á exportación.

Artigo 16. Outras funcións públicas.

### CAPÍTULO IV

#### Réxime de funcionamento

Artigo 17. Determinación de modelos de pólizas, tarifas de primas e bases técnicas.

Artigo 18. Recargas a favor do Consorcio.

Artigo 19. Asistencia xurídica e servizo de inspección.

Artigo 20. Peculiaridades da tramitación de sinistros.

Artigo 21. Exercicio de accións xudiciais contra o Consorcio.

### CAPÍTULO V

#### Réxime de persoal e económico-financeiro

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> RÉXIME DE PERSOAL

Artigo 22. Persoal do Consorcio.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RÉXIME PATRIMONIAL

Artigo 23. Recursos económicos.

Artigo 24. Patrimonio e provisión técnica de estabilización.

Artigo 25. Réxime de orzamento, contabilidade e de control.

Artigo 26. Réxime de contratación e acceso ao crédito.

Disposición adicional única. Adaptación do ámbito funcional do Consorcio á evolución do mercado asegurador.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Potestade regulamentaria.

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica do Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, o Consorcio) constitúese como unha entidade pública empresarial das previstas no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, dotada de patrimonio distinto ao do Estado, que axustará a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

2. O Consorcio está adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Consorcio rexeráse polas disposicións contidas neste estatuto legal e, no que non se opoña a el, polas que expresamente a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, dedica no capítulo III do seu título III ás entidades públicas empresariais, así como as demais previstas para tales entidades na lexislación vixente.

2. Quedará sometido, no exercicio da súa actividade aseguradora e, en defecto de regras especiais contidas neste estatuto legal, ao disposto no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, e na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

3. A contratación do Consorcio réxese polo dereito privado, salvo o previsto para as entidades de dereito público no artigo 2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Artigo 3. *Fins.*

1. O Consorcio, como organismo inspirado no principio de compensación, ten como fin cubrir os riscos nos seguros que se determinan neste estatuto legal, coa amplitude que nel se fixa ou se poida facer en disposicións específicas con rango de lei.

Para o adecuado cumprimento dos fins citados, o Consorcio poderá celebrar pactos de coaseguro, así como ceder ou retroceder en reaseguro parte dos riscos asumidos a entidades aseguradoras españolas ou estranxeiras que están autorizadas para realizar operacións desta natureza. Así mesmo, poderá aceptar en reaseguro no seguro de riscos nucleares e no seguro agrario combinado nos termos previstos neste estatuto legal.

2. Fóra dos supostos a que se refire o número 1, o Consorcio poderá asumir a cobertura concertando pactos de coaseguro ou aceptando en reaseguro naqueles supostos en que concorran razóns de interese público que o aconsellen, atendendo á situación e circunstancias do mercado asegurador.

3. Son funcións públicas do Consorcio as concernentes á exhibibilidade das recargas a favor do Consorcio, as que lle atribúe a lexislación reguladora do seguro de crédito á exportación por conta do Estado e as que lle confire o artigo 16.

4. Corresponderá ao Consorcio levar a cabo a liquidación das entidades aseguradoras que lle sexa encomendada nos supostos previstos neste estatuto legal e na lexislación sobre ordenación e supervisión dos seguros privados, así como o exercicio das funcións que no seo dos procedementos concursais a que se poidan ver sometidas as mesmas entidades se lle atribúen en tales normas.

### CAPÍTULO II

#### Organización

Artigo 4. *Órganos de goberno e administración.*

1. O Consorcio será rexido e administrado por un Consello de Administración composto polo presidente do Consorcio e un máximo de 18 vogais.

2. A presidencia do Consorcio será desempeñada polo director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. O nomeamento e cesamento dos vogais será realizado polo ministro de Economía e Facenda.

## Artigo 5. *Atribucións.*

1. Son atribucións do Consello de Administración:
  - a) Aprobar o estatuto orgánico do Consorcio e as súas modificacións.
  - b) Elaborar o programa de actuación plurianual e o orzamento de explotación e capital, nos termos dos artigos 64 e 65 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
  - c) Aprobar as contas anuais do Consorcio.
  - d) Propor á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a aprobación da comisión de cobramento que se deba aboar pola recadación das recargas por conta do Consorcio dentro dos límites establecidos neste estatuto legal.
  - e) Propor cantas medidas, plans e programas sexan convenientes para un mellor desenvolvemento da actividade do Consorcio, e, en xeral, decidir sobre todas aquelas cuestións que o presidente someta á súa consideración.
  - f) Contraer crédito e emitir débeda nos termos deste estatuto legal e demais disposicións aplicables ás entidades públicas empresariais.
  - g) Aprobar os modelos de pólizas, tarifas de primas e bases técnicas que deba utilizar o Consorcio.
  - h) Prestar, por maioría de dous terzos dos seus componseñores, o consentimento na contratación, como coasegurador ou aceptando en reaseguro, da cobertura dos riscos a que se refire o artigo 3.2 en todos os supostos distintos aos expresamente regulados nos artigos 6 a 11, ambos incluídos.
  - i) O exercicio das funcións previstas no artigo 14, que poderán ser delegadas na forma que se prevexa no estatuto orgánico do Consorcio logo de autorización do director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. Competen á presidencia as funcións do Consorcio que non atribúe expresamente ao Consello de Administración o número precedente.

O presidente poderá outorgar poderes para o exercicio das atribucións que lle competen, co obxecto de lograr unha maior eficacia do Consorcio.

3. En canto non veña disposto neste estatuto legal e nas normas que sexan de aplicación, o estatuto orgánico determinará a estrutura do Consorcio e o seu réxime de funcionamento interno.

## CAPÍTULO III

### Funcións

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> FUNCIÓNS PRIVADAS NO ÁMBITO ASEGURADOR

## Artigo 6. *En relación cos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens.*

1. O Consorcio, en materia de riscos extraordinarios, terá por obxecto indemnizar, na forma establecida neste estatuto legal, en réxime de compensación, as perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afecten a riscos nela situados.

Igualmente, serán indemnizables polo Consorcio os danos persoais derivados de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o tomador da póliza teña a súa residencia habitual en España.

Para estes efectos, serán perdas os danos directos nas persoas e os bens, así como, nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, a perda de beneficios como consecuencia daqueles. Entenderase, igual-

mente nos termos que regulamentariamente se determinen, por acontecementos extraordinarios:

- a) Os seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos, as inundacións extraordinarias, as erupcións volcánicas, a tempestade ciclónica atípica e as caídas de corpos siderais e aerólitos.
- b) Os ocasionados violentamente como consecuencia de terrorismo, rebelión, sedición, motín e tumulto popular.
- c) Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das Forzas e Corpos de Seguridade en tempo de paz.

2. Para efectos exclusivamente da cobertura do Consorcio, entenderase por riscos situados en España os que afecten a:

- a) Os vehículos con matrícula española.
- b) Os bens inmobles situados no territorio nacional.
- c) Os bens mobles que se encontren nun inmoble situado en España, estean ou non cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción daqueles que se encontren en tránsito comercial.
- d) Nos demais casos, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en España.

3. Non serán indemnizables polo Consorcio os danos ou sinistros seguintes:

- a) Os que non dean lugar a indemnización segundo a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.
- b) Os ocasionados en persoas ou bens asegurados por contrato de seguro distinto a aqueles en que é obrigatoria a recarga a favor do Consorcio.
- c) Os debidos a vicio ou defecto propio da cousa asegurada.
- d) Os producidos por conflitos armados, aínda que non precedese a declaración oficial de guerra.
- e) Os que pola súa magnitude e gravidade sexan cualificados polo Goberno como «catástrofe ou calamidade nacional».
- f) Os derivados da enerxía nuclear.
- g) Os debidos á mera acción do tempo ou aos axentes atmosféricos distintos aos fenómenos da natureza sinalados no número 1.
- h) Os causados por actuacións producidas no curso de reunións e manifestacións levadas a cabo conforme o disposto na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, así como durante o transcurso de folgas legais, salvo que as citadas actuacións puidesen ser cualificadas como acontecementos extraordinarios conforme o número 1.
- i) Os indirectos ou perdas de calquera clase derivados de danos directos ou indirectos, distintos da perda de beneficios que se delimite regulamentariamente.

## Artigo 7. *Ramos de seguro con recarga obrigatoria a favor do Consorcio para o exercicio das súas funcións en acontecementos extraordinarios.*

Para o cumprimento polo Consorcio das súas funcións en materia de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España, e tamén para os danos persoais acaecidos no estranxeiro cando o tomador da póliza teña a súa residencia habitual en España, é obrigatoria a recarga no seu favor nos ramos de accidentes, vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendio e elementos naturais, outros danos aos bens e perdas pecuniarias diversas, así como modalidades combinadas destes, ou cando se contraten de forma complementaria.

Enténdense incluídas, en todo caso, as pólizas que cubran o risco de accidentes amparados nun plan de pensións formulado conforme o texto refundido da Lei de

regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, así como as pólizas que cubran danos ás instalacións nucleares.

Quedan excluídas, en todo caso, as pólizas que cubran producións agropecuarias susceptibles de aseguramento a través do sistema dos seguros agrarios combinados, por encontrarse recollidas nos plans que anualmente aproba o Goberno, así como as pólizas que cubran os riscos derivados do transporte de mercadorías, da construción e montaxe, e calquera outra póliza de ramos de seguros distintos aos enumerados no parágrafo primeiro.

**Artigo 8. Dereitos e obrigas do Consorcio no seguro de riscos extraordinarios.**

1. O Consorcio estará obrigado a satisfacer as indemnizacións derivadas de sinistros producidos por acontecementos extraordinarios aos asegurados que satisfixesen as correspondentes recargas en favor daquel e se encontren nalgunha das situacións seguintes:

a) Que o risco extraordinario cuberto polo Consorcio non estea amparado por póliza de seguro.

b) Que, aínda estando amparado por póliza de seguro, as obrigas da entidade aseguradora non puidesen ser cumpridas por ter sido declarada xudicialmente en concurso ou que, achándose nunha situación de insolvencia, estivese suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio.

2. A obriga do Consorcio amparará necesaria e exclusivamente as mesmas persoas ou bens e polas mesmas sumas aseguradas que se establecesen nas pólizas de seguro, sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en relación cos danos a vehículos de motor e cos pactos de inclusión facultativa nas pólizas.

Esta obriga limitarase ás indemnizacións que proceda aboar conforme a lei española de contrato de seguro.

3. En todas as pólizas incluídas no artigo anterior figurará unha cláusula de cobertura polo Consorcio dos riscos extraordinarios, na cal se fará referencia expresa á facultade para o tomador do seguro de cubrir eses riscos con aseguradores que reúnan as condicións exixidas pola lexislación vixente. Esta cláusula será aprobada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por proposta do Consorcio, e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

4. Regulamentariamente, para os casos e nas condicións que se determinen, poderá establecerse un período de carencia.

5. Nos seguros contra danos, o ministro de Economía e Facenda, por proposta do Consorcio, poderá fixar unha franquía a cargo do asegurado para os supostos en que o Consorcio teña a obriga de indemnizar.

**Artigo 9. En relación co seguro de riscos nucleares.**

1. O Consorcio asumirá a cobertura do risco da responsabilidade civil derivada de accidente nuclear acaecido en España do seguinte xeito:

a) No caso de que o conxunto das entidades aseguradoras non alcanzase o límite mínimo da responsabilidade civil prevista na Lei 25/1964, do 29 de abril, reguladora da enerxía nuclear, o Consorcio participará na cobertura asumindo a diferenza até o límite indicado.

b) Actuará como reasegurador na forma e contía que determine o Ministerio de Economía e Facenda.

2. Para os efectos deste estatuto legal, enténdese por accidente nuclear o definido como tal no artigo 2.17

da Lei 25/1964, do 29 de abril, reguladora da enerxía nuclear.

**Artigo 10. En relación co seguro agrario combinado.**

1. O Consorcio asumirá a cobertura do risco no seguro agrario combinado, na forma e contía que determine o Ministerio de Economía e Facenda, nos seguintes supostos:

a) No caso de que o conxunto das entidades aseguradoras non alcanzase a totalidade da cobertura prevista na Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados.

b) Actuando como reasegurador.

2. O Consorcio asumirá a cobertura do risco de incendios forestais nos termos da súa lexislación específica.

3. En todo caso, corresponderá ao Consorcio o exercicio do control das peritacións dos sinistros.

**Artigo 11. En relación co seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria.**

1. O Consorcio asumirá, exclusivamente dentro dos límites indemnizatorios fixados para o seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria, as seguintes funcións:

a) A contratación de cobertura das obrigas derivadas da responsabilidade civil do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais e organismos públicos dependentes de ou vinculados a calquera deles cando, en todos os casos, soliciten concertar este seguro co Consorcio.

b) A contratación da cobertura dos riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o Consorcio poderá asumir a cobertura da responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, superando os límites do seguro obrigatorio, respecto dos vehículos asegurados descritos no número 1. Para os supostos previstos na alínea b) exixiranse os mesmos requisitos que regulamentariamente se establezan en relación co seguro obrigatorio.

3. Tamén corresponden ao Consorcio as funcións que lle encomenda o artigo 11 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, nas condicións previstas na dita lei e até os límites do aseguramento obrigatorio.

**Artigo 12. En relación co seguro obrigatorio de viaxeiros.**

O Consorcio asumirá, exclusivamente dentro dos límites indemnizatorios fixados para o seguro obrigatorio de viaxeiros, as seguintes funcións:

a) A contratación da cobertura dos riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.

b) O pagamento das obrigas desas entidades cando fosen declaradas xudicialmente en concurso, ou que, achándose nunha situación de insolvencia, estivesen suxeitas a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio.

c) A indemnización dos danos corporais que se ocasionen aos viaxeiros con motivo do transporte obxecto do seguro cando o transportista, incumprindo o mandado legal, non teña subscrita a oportuna póliza de seguro obri-

gatorio de viaxeiros, salvo os danos producidos a aquelas persoas que, ocupando o medio de transporte, o Consorcio probase que coñecían tal circunstancia.

**Artigo 13. *En relación co seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador.***

1. O Consorcio asumirá, exclusivamente dentro dos límites indemnizatorios fixados para o seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador, as seguintes funcións:

- a) A contratación da cobertura dos riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.
- b) O pagamento das obrigas desas entidades cando fosen declaradas xudicialmente en concurso ou que, achándose nunha situación de insolvencia, estivesen suxeitas a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio.

2. Ademais, e tamén dentro dos límites do aseguramento obrigatorio, desempeñará as seguintes funcións:

- a) Indemnizar as vítimas ou os seus beneficiarios de accidentes corporais ocorridos en España con ocasión do exercicio da caza con armas, cando o causante do dano non estea asegurado ou cando sexa descoñecido. Nos supostos de existencia dunha partida de caza, a responsabilidade subsidiaria do Consorcio nacerá exclusivamente polos membros da partida de caza que non estean amparados por seguro obrigatorio.
- b) Indemnizar os danos corporais producidos por arma de caza cando non se puidese facer efectiva a prestación económica polos medios regulados na lexislación sobre o seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador.

**Artigo 14. *En relación coa liquidación de entidades aseguradoras.***

1. O Consorcio asumirá a condición de liquidador das entidades aseguradoras enumeradas no artigo 7.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, suxeitas á competencia de execución do Estado ou das comunidades autónomas, cando lle encomende a súa liquidación o ministro de Economía e Facenda ou o órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

Poderá serlle encomendada a liquidación nos seguintes supostos:

- a) Simultaneamente á disolución da entidade aseguradora se se procedese a ela administrativamente.
- b) Se, disolta unha entidade, esta non procedese ao nomeamento dos liquidadores antes dos 15 días seguintes á disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprir os requisitos legais e estatutarios.
- c) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos asegurados se establecen no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, as que rexen a liquidación ou a dificulten. Tamén cando, por atrasarse a liquidación ou por concorreren circunstancias que así o aconsellen, a Administración entenda que a liquidación se debe encomendar ao Consorcio. No caso de que a liquidación sexa intervida, a encomenda ao Consorcio acordarase logo do informe do interventor.
- d) Mediante aceptación da petición da propia entidade aseguradora, se se apreciase causa xustificada.

2. Corresponden ao Consorcio, nos termos previstos na lexislación concursal, a condición e funcións propias da administración concursal nos procedementos de con-

curso a que se encontre sometida calquera entidade aseguradora, e isto sen que sexa necesaria a aceptación do cargo. A súa actuación nos ditos procedementos non será retribuída.

O Consorcio deberá comunicar ao xulgado a identidade da persoa física que deba representalo no exercicio do seu cargo, á cal resultarán de aplicación as normas contidas no artigo 28 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, coas excepcións que nel se establecen.

3. Se for o caso, leva a efecto a liquidación separada dos bens a que se refire o artigo 59 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FUNCIONS PÚBLICAS**

**Artigo 15. *En relación co seguro de crédito á exportación.***

O Goberno determinará as funcións que, se é o caso, correspondan ao Consorcio no seguro de crédito á exportación por conta do Estado.

**Artigo 16. *Outras funcións públicas.***

Corresponden, ademais, ao Consorcio as seguintes funcións:

- a) Propor á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as tarifas das recargas que debe percibir o Consorcio como contrapartida ás funcións de fondo de garantía e de compensación que se lle atribúen.
- b) Solicitar a información que regulamentariamente se determine a que estarán obrigadas as entidades aseguradoras que emitan pólizas de seguro nos ramos sinalados no artigo 7 respecto desas pólizas. Particularmente, as entidades aseguradoras con domicilio no Espazo Económico Europeo que, non sendo residentes en territorio español nin operando neste por medio de establecemento, emitan pólizas das referidas no parágrafo precedente estarán obrigadas a designar unha persoa, física ou xurídica, con domicilio en España para que as represente perante o Consorcio en relación coas obrigas sinaladas nos artigos 7 e 8.
- c) Elaborar plans e programas de prevención e redución de sinistros e desenvolveselos a través das correspondentes campañas e medidas preventivas.
- d) Concertar convenios con fondos de garantía ou outras institucións relacionadas cos seguros obrigatorios, co obxecto de facilitar o respectivo cumprimento das súas funcións no ámbito dos seguros obrigatorios.
- e) Calquera outra que lle atribúan as normas legais ou regulamentarias vixentes.

**CAPÍTULO IV**

**Réxime de funcionamento**

**Artigo 17. *Determinación de modelos de pólizas, tarifas de primas e bases técnicas.***

1. O Consorcio percibirá primas nos casos en que celebre contratos de seguro como asegurador ou acepte en reaseguro.

2. Os modelos de pólizas, tarifas de primas e bases técnicas nos seguros concertados polo Consorcio axustaranse ao disposto no artigo 25 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

### Artigo 18. *Recargas a favor do Consorcio.*

1. Son recargas a favor do Consorcio: a recarga no seguro de riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens, a recarga no seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, a recarga no seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador e a recarga no seguro obrigatorio de viaxeiros.

Estas recargas, que corresponden ao Consorcio nas súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras, compensación e fondo de garantía, teñen o carácter de ingresos de dereito público exixibles pola vía administrativa de constrinximento cando non fosen ingresados polas entidades aseguradoras no prazo fixado no número 4; para tal efecto, será título executivo a certificación de descuberto expedida polo director xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por proposta do Consorcio.

2. Todas as recargas a favor do Consorcio serán recadas obrigatoriamente polas entidades aseguradoras xuntamente coas súas primas. No caso de fraccionamento destas, as entidades poderán optar por recadar as citadas recargas co primeiro pagamento fraccionado que se faga, ou por facelo conforme venzan as correspondentes fraccións de prima, ben que neste último caso deberán aplicarse sobre as fraccións da recarga os tipos por fraccionamento que, para cada posible periodicidade, se fixen nas tarifas das recargas a favor do Consorcio, ou tratándose da recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, os indicados no número 3.

A escolla da opción de fraccionar as recargas a favor do Consorcio conforme venzan as correspondentes fraccións de prima deberase facer constar nas bases técnicas das entidades, comunicarse ao Consorcio e aplicarse de forma sistemática no ramo ou risco de que se trate, salvo causa debidamente xustificada.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a través da Inspección de Seguros e conforme os plans de inspección aprobados por proposta do Consorcio, inspeccionará as entidades aseguradoras que recaden recargas a favor do Consorcio, co obxecto de comprobar o efectivo cumprimento desta obriga.

3. A escolla por parte da entidade aseguradora da opción de fraccionar a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras xuntamente coas primas carretará as obrigas establecidas no número 2.

O cálculo dos xuros por fraccionamento efectuarase para cada un dos ramos ou riscos en que se elixise esta opción e declararase e liquidarase xuntamente coas recargas fraccionadas no propio modelo e no mesmo período a que corresponden as recargas.

Os tipos de fraccionamento que se aplicarán, tomando como base de cálculo a recarga que se declare correspondente á totalidade da prima, excluídas outras recargas e impostos, serán:

- a) Para fraccionamento de prima con vencementos semestrais, o dous por cento.
- b) Para fraccionamento de prima con vencementos trimestrais, o 2,5 por cento.
- c) Para fraccionamento de prima con vencementos bimestrais, o tres por cento.
- d) Para fraccionamento de prima con vencementos mensuais, o 3,5 por cento.

Os xuros por fraccionamento terán para todos os efectos a mesma natureza que a recarga obligatoria a que corresponden.

4. As entidades aseguradoras estarán obrigadas, ao tempo de presentaren ao Consorcio a declaración das

recargas recadas por conta deste, a practicar unha liquidación e ingresar o seu importe coa periodicidade e con suxeición ás regras que se determinen regulamentariamente.

Tanto as liquidacións practicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións derivadas de actas de Inspección como aquelas outras que non teñan sinalado prazo de ingreso polas súas normas específicas deberán ser ingresadas dentro dos 15 días seguintes a aquel en que tivo lugar a notificación da liquidación á entidade aseguradora.

5. O exercicio da xestión recadadora por conta do Consorcio, cumprindo o disposto neste precepto, levará consigo o dereito a percibir unha comisión de cobramento que fixará a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por proposta do Consorcio e logo de audiencia das entidades e organizacións aseguradoras máis representativas, sen que poida exceder o 10 por cento dos importes brutos recadados.

6. O incumprimento da obriga de ingresar no Consorcio as recargas percibidas pola entidade aseguradora no prazo e forma legalmente establecidos levará consigo, sen prexuízo das responsabilidades administrativas e, se é o caso, penais en que puidese incorrer, a obriga de satisfacer durante o período de demora o xuro legal e, ademais, a perda da comisión de cobramento.

### Artigo 19. *Asistencia xurídica e servizo de inspección.*

1. A representación e defensa do Consorcio ante os xulgados e tribunais corresponderá aos avogados do Estado e demais letrados integrados nos servizos xurídicos do Estado, sen prexuízo de que, para casos determinados e de acordo co que regulamentariamente se dispoña, poida ser encomendada a un avogado colexiado especialmente designado para o efecto.

O Consorcio poderá pedir o asesoramento en dereito da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a través da Inspección de Seguros do Estado e conforme os plans de inspección aprobados por proposta do Consorcio, inspeccionará as empresas, sexan entidades xurídicas ou persoas físicas, que recaden recargas e primas por conta do Consorcio.

### Artigo 20. *Peculiaridades da tramitación de sinistros.*

A tramitación dos sinistros en que o Consorcio teña a condición de asegurador ou reasegurador, coa vinculación ao ditame dos peritos a que se refire o artigo 38, parágrafo sétimo, da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, canto ás cuestións de feito consignadas nel, axustarase á referida lei.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

a) Na tramitación dos sinistros no seguro de responsabilidade civil derivada da enerxía nuclear, será preceptivo o informe técnico do Consello de Seguridade Nuclear sobre o accidente, as súas causas, a súa extensión e os seus efectos.

b) Para que sexan admisibles tanto a demanda declarativa como a executiva con base no auto de contía máxima reguladas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, relativas á responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor, deberase acreditar fidedignamente que o Consorcio foi requirido xudicial ou extraxudicialmente de pagamento, e que desde o requirimento transcorreu un prazo de tres meses sen ter sido atendido.



c) No exercicio da facultade de repetición polo Consorcio será título executivo, para os efectos do artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, a certificación do presidente do Consorcio acreditativa do importe da indemnización aboada polo Consorcio sempre que fose requirido de pagamento o responsable e non o realizase no prazo dun mes desde o requirimento.

d) Na tramitación dos sinistros no seguro de incendios forestais en que o Consorcio teña función de asegurador, xuntarase á reclamación certificación da autoridade competente sobre as causas do sinistro e a extensión aproximada da área afectada polo incendio. Nas reclamacións por lesións nas persoas xuntarase informe médico sobre as lesións e as súas causas, así como da alta ou defunción, cando for o caso.

#### Artigo 21. *Exercicio de accións xudiciais contra o Consorcio.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 20, para o exercicio de accións civís contra o Consorcio non será precisa a reclamación previa en vía administrativa nin lle serán aplicables as normas contidas nos artigos 7.3, 10.2, 15, 16, 21, 23 e 24 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

### CAPÍTULO V

#### Réxime de persoal e económico-financeiro

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> RÉXIME DE PERSOAL

#### Artigo 22. *Persoal do Consorcio.*

O persoal do Consorcio rexerase polo establecido no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e demais disposicións reguladoras da relación laboral e seralle de aplicación o disposto no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RÉXIME PATRIMONIAL

#### Artigo 23. *Recursos económicos.*

1. Para o cumprimento dos seus fins o Consorcio contará cos seguintes recursos económicos:

a) As primas e as recargas sobre primas ou capitais asegurados que se perciban para a cobertura, calquera que sexa a forma que esta adopte, dos riscos de todo tipo asumidos polo Consorcio.

b) As subvencións estatais precisas para a constitución das provisións técnicas que se realicen por imperativo legal ou regulamentario con norma de directa aplicación ao Consorcio e en casos de cobertura de riscos en que exista insuficiencia de primas, cotas ou recargas.

c) As cantidades que recupere no exercicio do dereito de repetición e os xuros de demora que lle correspondan conforme o ordenamento xurídico.

d) Os produtos e rendas do seu patrimonio.

e) Os procedentes dos créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar.

f) Calquera outro ingreso que lle corresponda conforme a lexislación vixente.

2. As tarifas de recargas a favor do Consorcio sen regulación específica serán aprobadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por proposta do

Consorcio, e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

3. Para o cumprimento das súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras, o Consorcio contará cos seguintes recursos:

a) A recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras cuxa recadación e xestión tamén lle corresponde.

b) As cantidades e bens que recupere no exercicio dos dereitos das persoas que lle cedesen os seus créditos, ou polo seu aboamento anticipado a elas.

c) Os previstos nas alíneas d), e) e f) do número 1.

4. A recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras é un tributo que grava os contratos de seguro.

Están suxeitos a esta recarga a totalidade dos contratos de seguro que se celebren sobre riscos localizados en España, distintos ao seguro sobre a vida e ao seguro de crédito á exportación por conta ou co apoio do Estado. Non quedarán suxeitos á recarga os plans de previsión asegurados calquera que sexa a continxencia ou continxencias que cubran.

A recarga devengarase cando teña lugar o pagamento da prima que corresponda aos contratos de seguro suxeitos a aquel.

Son suxeitos pasivos da recarga, en condición de contribuíntes, as entidades aseguradoras, que deberá repercutir integramente o seu importe sobre o tomador do seguro, quen quedará obrigado a soportalo sempre que a repercusión se axuste ao disposto neste estatuto legal, de calquera tipo que fosen as estipulacións existentes entre eles.

Constitúe a base imponible da recarga o importe da prima. Non se entenderán incluídos na prima aqueles importes correspondentes a calquera outra recarga que o contrato de seguro afectado deba soportar en virtude dunha disposición legal que o impona.

O tipo da recarga estará constituída polo tres por mil das primas antes referidas.

#### Artigo 24. *Patrimonio e provisión técnica de estabilización.*

1. O patrimonio do Consorcio está constituído por todos os bens, dereitos, obrigacións e participacións accionarias que lle atribúe este estatuto legal e as demais disposicións que lle son de aplicación, así como os que no sucesivo adquira ou lle sexan incorporados. Así mesmo, integran o seu patrimonio as achegas que o Estado realice para efectos de manter o adecuado equilibrio técnico-financeiro por cada ramo de aseguramento, así como a marxe de solvencia exixida ao Consorcio polo ordenamento xurídico en materia de seguros.

Nos seguros agrarios combinados, o Consorcio deberá levar as operacións que realice con absoluta separación financeira e contable respecto do resto das operacións, con integración das achegas que o Estado realice para o efecto de manter o adecuado equilibrio técnico-financeiro destas operacións.

Da mesma maneira, o Consorcio deberá levar as operacións que realice no exercicio das súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras e nos procesos concursais a que estas se encontren sometidas con absoluta separación financeira e contable do resto das operacións. As rendas derivadas do exercicio das funcións mencionadas neste parágrafo estarán exentas do imposto sobre sociedades.

Exclúense do patrimonio do Consorcio os recursos correspondentes aos riscos cubertos polo seguro de crédito á exportación por conta do Estado, que estarán dota-

dos de plena independencia financeira, patrimonial e contable.

2. O Consorcio constituirá a provisión técnica de estabilización de forma separada para as coberturas relativas ao seguro agrario combinado e para o resto das coberturas e, polo que respecta a estas últimas, de maneira global para todas as coberturas afectadas. Esta provisión dotarase conforme os criterios específicos que regulamentariamente se determinen, considerando que debe atender tamén a indemnizar sinistros co carácter de fondo de garantía e nas súas funcións de compensación, e terá a consideración de partida deducible para efectos de determinar a base imponible do imposto sobre sociedades correspondente ao exercicio en que se efectúe tal dotación, sempre que a contía total da provisión non supere os límites que se establezan regulamentariamente.

**Artigo 25. Réxime de orzamento, contabilidade e de control.**

1. O programa de actuación plurianual e os orzamentos de explotación e capital axustaranse ao disposto nos artigos 64 e 65 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. En todo caso, na liquidación do orzamento os excedentes que se poidan producir incorporaranse ao patrimonio da entidade.

2. Axustarase na súa contabilidade e suxeitarase ao control económico e financeiro e ao de eficacia que para as entidades de seguros establece a lexislación aplicable a estas entidades, e ás normas que a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, dedica neste ámbito ás entidades públicas empresariais.

**Artigo 26. Réxime de contratación e acceso ao crédito.**

1. A contratación do Consorcio levarase a efecto polas normas de dereito privado, civil, mercantil ou laboral.

2. O Consorcio poderá realizar todo tipo de operacións financeiras e, en particular, concertar operacións activas e pasivas de crédito e préstamo calquera que sexa a forma en que se instrumenten, mesmo mediante a emisión de obrigacións, bonos, obrigas de pagamento ou outros valores análogos.

Estas operacións financeiras do Consorcio terán as seguintes características:

a) Corresponderalle ao Consello de Administración contraer crédito e emitir débeda, concertando ou fixando o seu prazo, tipo de xuro e demais características, así como establecer a representación total ou parcial da débeda emitida en obrigacións, bonos, obrigas de pagamento ou outros títulos-valores ou documentos que formalmente a recoñezan ou, en canto o permitan as disposicións vixentes, en anotacións en conta.

b) No seu endebedamento, o Consorcio suxeitarase aos límites establecidos para cada exercicio pola Lei de orzamentos xerais do Estado. Este límite terá o carácter de neto e será efectivo ao termo do exercicio.

c) A débeda instrumentada en valores negociables en bolsa será admitida de oficio á negociación nas bolsas de valores.

d) As obrigacións patrimoniais do Consorcio teñen a garantía do Estado nos mesmos termos que as da Facenda pública.

Disposición adicional única. *Adaptación do ámbito funcional do Consorcio á evolución do mercado asegurador.*

Mediante real decreto poderase reducir o ámbito funcional do Consorcio segundo a evolución do mercado asegurador.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Potestade regulamentaria.*

Correspóndelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda e do ministro de Administracións Públicas, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver este estatuto legal nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución.

Correspóndelle ao ministro de Economía e Facenda, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver este estatuto legal nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do dito ministro.

**18911** *REAL DECRETO LEXISLATIVO 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. («BOE» 267, do 5-11-2004.)*

Este real decreto lexislativo ten por obxecto aprobar un texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, que dá cumprimento ao mandato conferido ao Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados. A dita disposición derradeira autoriza o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei 34/2003, do 4 de novembro, elabore e aprobe un texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, que substitúa o aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, que inclúa as modificacións introducidas por leis posteriores. A delegación inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

O Decreto 632/1968, do 21 de marzo, aprobou o texto refundido da Lei 122/1962, do 24 de decembro, sobre uso e circulación de vehículos de motor. O dito texto refundido foi obxecto durante a súa vixencia de variadas e profundas modificacións.

O Real decreto lexislativo 1301/1986, do 28 de xuño, polo que se adapta o texto refundido da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor ao ordenamento xurídico comunitario, que posteriormente foi derogado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, deulle nova redacción ao título I do texto refundido da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, co fin de adecuar o seu contido á Direc-